

FACULTADE DE FILOLOXÍA

PLANO ESTRATÉXICO 2007-2010

A CORUÑA, NOVENBRO 2007

DOCUMENTOS

- 1. Constitución do equipo de traballo**
- 2. Análise da unidade**
- 3. Misión**
- 4. Visión**
- 5. Eixos estratéxicos**
- 6. Análise DAFO**
- 7. Cadro de mando**
- 8. Aprobación pola Xunta de Facultade**

FACULTADE DE FILOLOXÍA
PLANO ESTRATÉXICO 2007-2010

DOCUMENTO 1
CONSTITUCIÓN DO EQUIPO DE TRABALLO

FACULDADE DE FILOLOXÍA
PLANO ESTRATÉXICO 2007-2010

DOCUMENTO 1
CONSTITUCIÓN DO EQUIPO DE TRABALLO

ANEXOS 1.1. - 1.2. - 1.3.

FACULTADE DE FILOLOXÍA
PLANO ESTRATÉXICO 2007-2010

DOCUMENTO 1

Órgano: Comisión de Estratexia e Calidade (equipo de traballo para a redacción do plano estratéxico 2007-2010).

Centro: Facultade de Filoloxía.

Data: Mércores 11 de abril de 2007.

Lugar e hora: Sala de xuntas do Decanato, 12.30 h.

Tema: Constitución do equipo de traballo encargado de elaborar o plano estratéxico 2007-2010 da Facultade de Filoloxía.

Asistentes:

Teresa López Fernández
(Decana e Presidenta da Comisión)

Luis González García
(Secretario da Facultade e da Comisión)

Margarita Alonso Ramos
(Representante do profesorado da área de Lingüística Xeral)

M^a Jesús Lorenzo Modia
(Representante do profesorado da área de Filoloxía Inglesa)

Carlos Paulo Martínez Pereiro
(Representante do profesorado da área de Filoloxías Galega e Portuguesa)

José Ignacio Pérez Pascual
(Representante do profesorado da área de Lingua Española)

Olivia Rodríguez González
(Representante do profesorado da área de Teoría da Literatura)

M^a Dolores Sánchez Palomino
(Representante do profesorado da área de Filoloxía Románica, en representación das áreas sen troncalidade das titulacións)

Luis Miguel Puente Castelo
(Representante do alumnado)

Acordos:

- Proceder á elaboración do Plano estratéxico 2007-2010 da Facultade seguindo as instrucións e os prazos fixados pola Vicerreitoría de Calidade e Harmonización Europea.
- A Comisión de Estratexia e Calidade da Facultade será a encargada da elaboración do plano estratéxico.
- Actuarán como coordinadoras a Decana, Teresa López, e a PRCC, Mercedes Regueiro.

Anexos:

- 1.1. Copia da convocatoria da reunión.
- 1.2. Relación de membros da Comisión de Estratexia e Calidade.
- 1.3. Resumo da acta da sesión da Comisión de Estratexia e Calidade.

As coordinadoras do equipo de traballo:

Teresa López

Mercedes Regueiro Diehl

FACULTADE DE FILOLOXÍA
PLANO ESTRATÉXICO 2007-2010

DOCUMENTO 2
ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL

FACULDADE DE FILOLOXÍA
PLANO ESTRATÉXICO 2007-2010

DOCUMENTO 2
ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL

ANEXOS 2.1. - 2.2.

FACULTADE DE FILOLOXÍA
PLANO ESTRATÉXICO 2007-2010

DOCUMENTO 2

Órgano: Comisión de Estratexia e Calidade (equipo de traballo para a redacción do plano estratéxico 2007-2010).

Centro: Facultade de Filoloxía

Data: Xoves 22 de novembro de 2007

Lugar e hora: Sala de xuntas do Decanato, 12.30 h.

Tema: Análise da situación actual.

Asistentes:

Teresa López Fernández

(Decana e Presidenta da Comisión)

Luis González García

(Secretario da Facultade e da Comisión)

Mercedes Regueiro Diehl

(PRCC da Facultade e representante do profesorado da área de Filoloxía Francesa)

Margarita Alonso Ramos

(Representante do profesorado da área de Lingüística Xeral)

M^a Jesús Lorenzo Modia

(Representante do profesorado da área de Filoloxía Inglesa)

Carlos Paulo Martínez Pereiro

(Representante do profesorado da área de Filoloxías Galega e Portuguesa)

Olivia Rodríguez González

(Representante do profesorado da área de Teoría da Literatura)

Pilar Yagüe López

(Representante do profesorado da área de Literatura Española)

M^a Dolores Sánchez Palomino

(Representante do profesorado da área de Filoloxía Románica, en representación das áreas sen troncalidade das titulacións)

Marta Lago Méndez

(Representante do P.A.S.)

Acordo:

INTRODUCCIÓN. ANÁLISE DA UNIDADE¹

A elaboración do Plano estratéxico da Facultade de Filoloxía faise no marco da III *Convocatoria de contratos-programa para o deseño e a innovación estratéxica* na Universidade da Coruña realizada pola Vicerreitoría de Calidade e Harmonización Europea e tras a aprobación do último documento do Plano estratéxico da Universidade na reunión ordinaria do Consello de Goberno celebrada o día 15 de maio de 2007.

A aprobación do Plano estratéxico da Facultade vén dar continuidade ao proceso iniciado no curso académico 2002-03, cando se avaliaron dúas licenciaturas, Filoloxía Hispánica e Filoloxía Inglesa, das tres que se imparten no centro. No seguinte curso, 2003-04, avaliouuse a terceira licenciatura, Filoloxía Galega, a única que seguiu o protocolo PEI-ACSUG. Destas avaliacións resultaron catro propostas de mellora para as licenciaturas en Filoloxía Hispánica e Filoloxía Inglesa, e cinco para a titulación de Filoloxía Galega. Para avaliar o nivel de cumprimento destas propostas segundo as accións realizadas, creáronse comités internos de seguimento que se reuniron en novembro de 2005, para as licenciaturas en Filoloxía Hispánica e Filoloxía Inglesa, e en marzo de 2005 para Filoloxía Galega.

Con posterioridade a estas datas continuaron a realizarse no centro diversas accións para cumprir coas propostas de mellora resultado das avaliacións, a maior parte delas comprometidas no contrato-programa que asinou a Facultade coa Vicerreitoría de Calidade e Harmonización Europea, segundo as condicións da *I Convocatoria de Contratos-programa para o deseño e a innovación estratéxica* na UDC, e pola que o centro recibiu 12.000 euros. As accións desenvolvidas detalláronse e documentáronse na *Memoria xustificativa* remitida a 31 de decembro de 2005 en cumprimento das bases da convocatoria, e recibiron a conformidade da citada Vicerreitoría.

¹ Neste documento dáse conta unicamente da experiencia e traxectoria da Facultade de Filoloxía en relación aos procesos de planificación e de avaliación da calidade.

No ano 2006 elaboráronse os planos de mellora das tres titulacións impartidas no centro, de acordo co protocolo fixado no procedemento xeral para avaliar o desenvolvemento e a calidade do programa/título establecido pola Vicerreitoría de Calidade e Harmonización Europea a través da Unidade Técnica de Calidade e remitido á Facultade no mes de febreiro de 2006.

Para elaborar os planos de mellora partiuse da análise da documentación previa dispoñíbel por parte da Persoa Responsábel de Calidade e Convergencia, prof^a Mercedes Regueiro Diehl, e da Decana da Facultade, prof^a Teresa López. A seguir, e conforme o procedemento establecido para a elaboración dos novos planos, reuniuse en varias ocasións a Comisión de Estratexia e Calidade, constituída no centro a partir da aprobación do seu *Regulamento de Réxime Interno* polo Consello de Goberno na reunión ordinaria de 19 de decembro de 2005, e na que quedaron subsumidos os comités de seguimento da avaliación das titulacións. Os planos de mellora foron submetidos a exposición pública previa á súa aprobación definitiva pola Xunta de Facultade, a través da delegación expresa desta competencia na súa Comisión Permanente, en xullo de 2006.

En abril de 2006 a Facultade concorrera á II Convocatoria de Contratos-programa para o deseño e a innovación estratéxica na UDC, obtendo 4.000 euros, unha cantidade sensibelmente menor á obtida no ano anterior, debido a que nesta Convocatoria se primaba notabelmente aos centros que ían pór en marcha un Programa Oficial de Posgrao, un caso que non era o desta Facultade. A memoria xustificativa das actividades realizadas en cumprimento dos compromisos adquiridos presentouse en marzo de 2007.

Dentro da preparación dos responsábeis dos centros para os procesos de planificación estratéxica, a Persoa Responsábel de Calidade e Convergencia e a Decana asistiron aos cursos “Planificación estratéxica nas titulacións. Planos de mellora” e “Planificación estratéxica nos centros e nos institutos universitarios da Universidade da Coruña” celebrados no Pazo de Lóngora os días 15 e 16 de marzo de 2006 e 21 e 22 marzo de 2007, respectivamente. Así mesmo, a Persoa Responsábel de Calidade e

Converxencia da Facultade forma parte, desde a súa constitución en xuño de 2006, da Comisión de Garantía de Calidade da Universidade, en representación dos PRCC do ámbito de Humanidades.

Na consciencia da importancia dos procesos de control da calidade para a acreditación dos títulos oficiais, a Facultade adheriu ao programa FIDES en xullo de 2007 para pór en marcha o sistema de control de calidade no *Máster oficial en Lingua e usos profesionais: español / galego / inglés* que se implantou en outubro de 2007. No mesmo mes de xullo, a Facultade concorre á *III Convocatoria de Contratos-programa para o deseño e a innovación estratéxica* na UDC, adquirindo como compromisos a elaboración do plano estratéxico do centro, o deseño e a realización dun proxecto piloto de Plano de Acción Titorial da Facultade e a asinatura do programa FIDES como proxecto piloto de garantía da calidade no máster oficial do centro. Fóronnos concedidos 12.000 euros. A memoria xustificativa das actividades realizadas presentárase en xuño de 2008.

O presente Plano estratéxico foi elaborado tendo en conta as directrices e o protocolo recollidos na *Guía para a planificación estratéxica 2007-2010. Centros, departamentos, institutos e servizos da UDC*. En novembro de 2007 presentárase á Xunta de Facultade para a súa aprobación o conxunto do Plano estratéxico do centro, do que os documentos integrantes foron previamente aprobados pola Comisión de Estratexia e Calidade da Facultade.

Aínda que a elaboración do Plano estratéxico da Facultade de Filoloxía ten como punto de partida as circunstancias actuais do centro e das súas titulacións, ten presente que no horizonte inmediato está unha nova organización do ensino superior regulada no *Real Decreto por el que se establece la ordenación de las enseñanzas universitarias oficiales* e que obriga a realizar a transformación de todas as titulacións universitarias actuais, no noso caso licenciaturas e doutoramentos, en títulos de grao, máster e doutoramento co límite de outubro de 2010.

A Facultade iniciou xa á adaptación ao novo marco de converxencia europea: conta coa experiencia da adaptación piloto de materias diversas ao

crédito ECTS no marco dunha iniciativa posta en marcha pola ACSUG, co funcionamento dos grupos departamentais de calidade promovidos pola Universidade da Coruña, coa participación do profesorado do centro en xornadas de formación para a adaptación metodolóxica ao EEES, e ten implantada unha titulación oficial de máster. De forma inmediata, a Facultade deberá abordar a proposta de títulos de grao segundo as directrices aprobadas polo Consello Galego de Universidades o día 5 de novembro.

Anexos:

- 2.1. Copia da convocatoria da reunión.
- 2.2. Resumo da acta da sesión da Comisión de Estratexia e Calidade.

As coordinadoras do equipo de traballo:

Teresa López

Mercedes Regueiro Diehl

FACULTADE DE FILOLOXÍA
PLANO ESTRATÉXICO 2007-2010

DOCUMENTO 3
DEFINICIÓN DA MISIÓN

FACULTADE DE FILOLOXÍA
PLANO ESTRATÉXICO 2007-2010

DOCUMENTO 3
DEFINICIÓN DA MISIÓN

ANEXOS 3.1. – 3.2.

FACULTADE DE FILOLOXÍA
PLANO ESTRATÉXICO 2007-2010

DOCUMENTO 3

Órgano: Comisión de Estratexia e Calidade (equipo de traballo para a redacción do plano estratéxico 2007-2010).

Centro: Facultade de Filoloxía

Data: Mércores 11 de xullo de 2007

Lugar e hora: Sala de xuntas do Decanato, 12.30 h.

Tema: Definición da misión.

Asistentes:

Teresa López Fernández

(Decana e Presidenta da Comisión)

Luis González García

(Secretario da Facultade e da Comisión)

Mercedes Regueiro Diehl

(PRCC da Facultade e representante do profesorado da área de Filoloxía Francesa)

Arsenio Ferraces Rodríguez

(Representante do profesorado da área de Filoloxía Latina)

M^a Dolores Sánchez Palomino

(Representante do profesorado da área de Filoloxía Románica, en representación das áreas sen troncalidade das titulacións)

Luis Miguel Puente Castelo

(Representante do alumnado)

Acordo:

Misión da Facultade de Filoloxía:

A Facultade de Filoloxía é un centro público de ensino superior que forma parte da Universidade da Coruña. A Facultade de Filoloxía asume e comparte a formulación da misión da Universidade da Coruña: o obxecto social, a razón de ser, a organización e os valores éticos que orientan as súas actuacións.

A Facultade de Filoloxía asume a súa función de institución pública ao servizo da sociedade, especificamente da galega, desde a súa condición de centro educativo pertencente ao ámbito de coñecemento das ciencias humanas e sociais.

Entre os seus principais cometidos figuran:

1. A formación de calidade do seu alumnado nos saberes, métodos científicos e competencias propios das titulacións que nela se imparten.

2. A formación e a capacitación do seu alumnado para o exercicio de actividades profesionais no ámbito das titulacións que imparte.

3. A creación, difusión, intercambio e transferencia do coñecemento e experiencias desde as diferentes áreas científicas e as titulacións que a integran.

Anexos:

3.1. Copia da convocatoria da reunión.

3.2. Resumo da acta da sesión da Comisión de Estratexia e Calidade.

As coordinadoras do equipo de traballo:

Teresa López

Mercedes Regueiro Diehl

FACULTADE DE FILOLOXÍA
PLANO ESTRATÉXICO 2007-2010

DOCUMENTO 4
DEFINICIÓN DA VISIÓN

FACULDADE DE FILOLOXÍA
PLANO ESTRATÉXICO 2007-2010

DOCUMENTO 4
DEFINICIÓN DA VISIÓN

ANEXOS 4.1. – 4.2.

FACULTADE DE FILOLOXÍA
PLANO ESTRATÉXICO 2007-2010

DOCUMENTO 4

Órgano: Comisión de Estratexia e Calidade (equipo de traballo para a redacción do plano estratéxico 2007-2010)

Centro: Facultade de Filoloxía

Data: Mércores 11 de xullo de 2007

Lugar e hora: Sala de xuntas do Decanato, 12.30 h.

Tema: Definición da visión.

Asistentes:

Teresa López Fernández

(Decana e Presidenta da Comisión)

Luis González García

(Secretario da Facultade e da Comisión)

Mercedes Regueiro Diehl

(PRCC da Facultade e representante do profesorado da área de Filoloxía Francesa)

Arsenio Ferraces Rodríguez

(Representante do profesorado da área de Filoloxía Latina)

M^a Dolores Sánchez Palomino

(Representante do profesorado da área de Filoloxía Románica, en representación das áreas sen troncalidade das titulacións)

Luis Miguel Puente Castelo

(Representante do alumnado)

Acordo:

Visión da Facultade de Filoloxía:

A Facultade de Filoloxía establece como liñas prioritarias do modelo cara ao que se propón achegarse as seguintes:

1. Converterse nun modelo de referencia na transparencia, rigor, eficacia e eficiencia da súa xestión.
2. Impulsar os procesos de participación dos colectivos que a integran nas decisións que afectan ao conxunto da Facultade.
3. Reforzar a calidade e a innovación na xestión, nos servizos e no proceso de ensino-aprendizaxe no marco do EEES.

4. Acrecentar a atención aos procesos de inserción dos titulados e das tituladas no mercado laboral, intensificando a relación cos axentes sociais e económicos.

5. Elaborar titulacións e planos de estudo rigorosos e axeitados aos avances do coñecemento científico nos ámbitos da súa competencia.

6. Manter o compromiso coa sociedade que a financia e a cal serve, ofertando títulos académicos de interese, e coherentes coas necesidades e peculiaridades do contorno.

Anexos:

4.1. Copia da convocatoria da reunión.

4.2. Resumo da acta da sesión da Comisión de Estratexia e Calidade.

As coordinadoras do equipo de traballo:

Teresa López

Mercedes Regueiro Diehl

FACULTADE DE FILOLOXÍA
PLANO ESTRATÉXICO 2007-2010

DOCUMENTO 5
DEFINICIÓN DOS EIXOS ESTRATÉXICOS

FACULDADE DE FILOLOXÍA
PLANO ESTRATÉGICO 2007-2010

DOCUMENTO 5
DEFINICIÓN DOS EIXOS ESTRATÉGICOS

ANEXOS 5.1. – 5.2.

FACULTADE DE FILOLOXÍA
PLANO ESTRATÉXICO 2007-2010
DOCUMENTO 5

Órgano: Comisión de Estratexia e Calidade (equipo de traballo para a redacción do plano estratéxico 2007-2010)

Centro: Facultade de Filoloxía

Data: Mércores 11 de xullo de 2007

Lugar e hora: Sala de xuntas do Decanato, 12.30 h.

Tema: Definición dos eixos estratéxicos.

Asistentes:

Teresa López Fernández
(Decana e Presidenta da Comisión)

Luis González García
(Secretario da Facultade e da Comisión)

Mercedes Regueiro Diehl
(PRCC da Facultade e representante do profesorado da área de Filoloxía Francesa)

Arsenio Ferraces Rodríguez
(Representante do profesorado da área de Filoloxía Latina)

M^a Dolores Sánchez Palomino
(Representante do profesorado da área de Filoloxía Románica, en representación das áreas sen troncalidade das titulacións)

Luis Miguel Puente Castelo
(Representante do alumnado)

Acordo:

Eixos estratéxicos:

1. Planificación e desenvolvemento do ensino.
2. Apoio ao estudantado.
3. Infraestruturas e recursos humanos.
4. Relacións coa sociedade.

Anexos:

5.1. Copia da convocatoria da reunión.

5.2. Resumo da acta da sesión da Comisión de Estratexia e Calidade.

As coordinadoras do equipo de traballo:

Teresa López

Mercedes Regueiro Diehl

FACULTADE DE FILOLOXÍA
PLANO ESTRATÉXICO 2007-2010

DOCUMENTO 6
ANÁLISE DAFO

FACULDADE DE FILOLOXÍA
PLANO ESTRATÉGICO 2007-2010

DOCUMENTO 6

ANÁLISE DAFO

ANEXOS 6.1. – 6.2. – 6.3.

FACULTADE DE FILOLOXÍA
PLANO ESTRATÉXICO 2007-2010
DOCUMENTO 6

Órgano: Comisión de Estratexia e Calidade (equipo de traballo para a redacción do plano estratéxico 2007-2010)

Centro: Facultade de Filoloxía

Data: Mércores 24 de outubro de 2007

Lugar e hora: Sala de xuntas do Decanato, 12.30 h.

Tema: Análise DAFO.

Asistentes:

Teresa López Fernández
(Decana e Presidenta da Comisión)

Luis González García
(Secretario da Facultade e da Comisión)

Mercedes Regueiro Diehl
(PRCC da Facultade e representante do profesorado da área de Filoloxía Francesa)

Margarita Alonso Ramos
(Representante do profesorado da área de Lingüística Xeral)

Carlos Paulo Martínez Pereiro
(Representante do profesorado da área de Filoloxías Galega e Portuguesa)

Olivia Rodríguez González
(Representante do profesorado da área de Teoría da Literatura)

Pilar Yagüe López
(Representante do profesorado da área de Literatura Española)

M^a Dolores Sánchez Palomino
(Representante do profesorado da área de Filoloxía Románica, en representación das áreas sen troncalidade das titulacións)

Luis Miguel Puente Castelo
(Representante do alumnado)

Marta Lago Méndez
(Representante do P.A.S.)

Acordo:

Análise DAFO:

Análise DAFO - Facultade de Filoloxía		EIXOS ESTRATÉXICOS				
		Eixo 1	Eixo 2	Eixo 3	Eixo 4	
ANÁLISE INTERNA	FORTALEZAS	Instalacións do centro ben equipadas e en continua mellora, con infraestruturas singulares como a biblioteca			X	
		Existencia de xornadas de acollida		X		
		Profesorado altamente cualificado (estábel, doutor, tempo completo...) para tarefas docentes e investigadoras			X	
		Profesorado implicado en experiencias piloto (adaptación ao EEES, PATT...) e no desenvolvemento de novas metodoloxías docentes	X	X	X	
		O número de estudantes permite a docencia en grupos máis pequenos, o que debería posibilitar un ensino de maior calidade	X	X		
		Implantación do plano de acción tutorial		X		
		Forte demanda do máster en Lingua e usos profesionais no ano da súa implantación				X
		Carácter intercultural, interdisciplinar e dúctil da formación filolóxica ofrecida pola facultade	X			X
		Programa de actividades extracurriculares complementarias á actividade docente	X	X		X
	DEBILIDADES	Insuficiente coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias das titulacións	X			
		Alta taxa de abandono	X			
		A duración media dos estudos nalgunha licenciatura excede a duración teórica	X			
		Incertidume/rexeitamento que aínda xera a adaptación ao EEES en profesorado e alumnado	X		X	
		Escasa relación cos egresados				X
		Web da facultade por renovar, que permita unha mellor divulgación do centro			X	X
		Escasa divulgación das titulacións				X
Elevada componente teórica nas materias dos planos de estudo		X				
ANÁLISE EXTERNA	OPORTUNIDADES	Existencia de ámbitos profesionais non ligados coa docencia onde pode realizarse un traballo lingüístico, literario e socio-cultural				X
		As actividades desenvolvidas na facultade (congresos, cursos de extensión, cursos do Centro de Linguas...) están dando a coñecer o centro e as súas infraestruturas a xente allea			X	X
		Desenvolvemento das novas tecnoloxías	X	X	X	
		Existencia dun importante tecido cultural no contorno coruñés (fundacións, museos...)				X
		Novos títulos de grao e posgrao no marco do proceso de harmonización europea	X			X
	AMEAZAS	Diminución ou estancamento no número de estudantes de novo ingreso de 1º curso	X			X
		Diminución do nivel académico dos estudantes de novo ingreso	X	X		
		Escasa implicación do contorno socio-económico e escasa cultura de coordinación universidade-empresa				X
		Necesidade dunha maior estabilidade de criterios de implantación do EEES por parte das institucións competentes (Ministerio, Consellería...)	X			
Escaso recoñecemento das actividades do profesorado implicado en programas de mellora ou innovación				X		
Escaso coñecemento da demanda de emprego das titulacións e da situación dos egresados					X	
Escaso prestixio social das licenciaturas impartidas e percepción negativa por parte da sociedade do mercado laboral para os-as licenciados-as en Filoloxía					X	
A localización física da facultade (excéntrica aos campus, afastada, illada...)				X	X	
Novos títulos de grao e posgrao no marco do proceso de harmonización europea	X			X		

Anexos:

- 6.1. Copia da convocatoria da reunión.
- 6.2. Resumo da acta da sesión da Comisión de Estratexia e Calidade.
- 6.3. Nova composición da Comisión de Estratexia e Calidade, aprobada en reunión ordinaria da Xunta de Facultade de 17.10.07, por renovación de membros dos sectores de estudantado e P.A.S.

As coordinadoras do equipo de traballo:

Teresa López

Mercedes Regueiro Diehl

FACULTADE DE FILOLOXÍA
PLANO ESTRATÉXICO 2007-2010

DOCUMENTO 7
CADRO DE MANDO

FACULDADE DE FILOLOXÍA
PLANO ESTRATÉXICO 2007-2010

DOCUMENTO 7
CADRO DE MANDO

ANEXOS 7.1. - 7.2.

FACULTADE DE FILOLOXÍA
PLANO ESTRATÉXICO 2007-2010

DOCUMENTO 7

Órgano: Comisión de Estratexia e Calidade (equipo de traballo para a redacción do plano estratéxico 2007-2010).

Centro: Facultade de Filoloxía

Data: Xoves 22 de novembro de 2007

Lugar e hora: Sala de xuntas do Decanato, 12.30 h.

Tema: Cadro de mando

Asistentes:

Teresa López Fernández

(Decana e Presidenta da Comisión)

Luis González García

(Secretario da Facultade e da Comisión)

Mercedes Regueiro Diehl

(PRCC da Facultade e representante do profesorado da área de Filoloxía Francesa)

Margarita Alonso Ramos

(Representante do profesorado da área de Lingüística Xeral)

M^a Jesús Lorenzo Modia

(Representante do profesorado da área de Filoloxía Inglesa)

Carlos Paulo Martínez Pereiro

(Representante do profesorado da área de Filoloxías Galega e Portuguesa)

Olivia Rodríguez González

(Representante do profesorado da área de Teoría da Literatura)

Pilar Yagüe López

(Representante do profesorado da área de Literatura Española)

M^a Dolores Sánchez Palomino

(Representante do profesorado da área de Filoloxía Románica, en representación das áreas sen troncalidade das titulacións)

Marta Lago Méndez

(Representante do P.A.S.)

Acordo: Cadro de mando

CADRO DE MANDO

EIXO ESTRATÉXICO 1: PLANIFICACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO ENSINO

Obxectivos estratéxicos	Obxectivos operativos	Accións	Responsables	Indicadores	Estándar obxectivo	Calendario	Recursos	Grao de cumprimento
1. Coordinación entre as materias da titulación	1.1. Mellora da coordinación dos programas docentes	1.1.1. Definición das funcións específicas dos coordinadores de titulación	• Vicerreitoría correspondente	Probas documentais	Definición e cumprimento das funcións	Curso 07-08	Propios do Centro	
		1.1.2. Reforzo da figura e das funcións dos coordinadores de área	• Decanato • Departamentos	Probas documentais	Definición e cumprimento das funcións	Curso 07-08	Propios do Centro	
2. Mellora do rendemento académico do alumnado	2.1. Frear a taxa de abandono nas titulacións onde é máis elevada	2.1.1. Seguimento personalizado do alumnado mediante accións do PATT (Plano de Acción Titorial das Titulacións)	• Departamentos • Comisión de estratexia • Comisión académica • Participantes no PATT	Taxa de abandono	Redución de 10% no curso 09-10	Inicio curso 07-08	Propios do centro	
	2.2. Diminución da duración media dos estudos nas titulacións onde é máis elevada	2.2.1. Seguimento personalizado do alumnado mediante accións do PATT	• Departamentos • Comisión de estratexia • Comisión académica • Participantes no PATT	Duración media dos estudos	Redución de 10% no curso 09-10	Inicio curso 07-08	Propios do centro	
3. Potenciación da cultura da calidade	3.1. Fomento da cultura da calidade	3.1.1. Aumentar a participación do profesorado no proceso de avaliación institucional	• PRCC (Persoa responsábel de calidade e converxencia) • Direccións Departamentos • Vicerreitoría correspondente	% participación do profesorado nas enquisas	Mínimo 47%	Cada curso	Propios do centro	

CADRO DE MANDO

EIXO ESTRATÉXICO 1: PLANIFICACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO ENSINO

Obxectivos estratéxicos	Obxectivos operativos	Accións	Responsables	Indicadores	Estándar obxectivo	Calendario	Recursos	Grao de cumprimento
		3.1.2. Aumentar a participación do alumnado no proceso de avaliación institucional	<ul style="list-style-type: none"> • PRCC • Representantes estudantes. • Profesorado • Vicerreitoría correspondente 	% participación do alumnado nas enquisas	Mínimo 18%	Cada curso	Propios do centro	
		3.1.3. Modificar a composición da Comisión de estratexia e calidade da facultade para adaptala aos criterios establecidos no programa FIDES	<ul style="list-style-type: none"> • Xunta de Facultade • Comisión de estratexia • PRCC 	Acta(s) da aprobación	Aprobación pola Xunta de Centro da modificación da composición da Comisión	Curso 07-08	Propios do Centro	
		3.1.4. Implantación e seguimento do programa FIDES	<ul style="list-style-type: none"> • PRCC • Decanato • Comisión de Estratexia • UTC (Unidade Técnica de Calidade) 	Probas documentais	Cumprimento	Curso 07-08	Propios do Centro	
4. Deseño dunha oferta académica atraente	4.1. Propostas de títulos de grao	4.1.1. Elaboración de propostas de títulos de grao	<ul style="list-style-type: none"> • Decanato • Xunta Facultade • Comisión/s delegada/s correspondente/s 	Documentos correspondentes	Manter a oferta académica do centro	Inicio curso 07-08	Propios do Centro	
		4.1.2. Aprobación de propostas de títulos de grao	<ul style="list-style-type: none"> • Xunta de Facultade 	Documentos correspondentes	Aprobación	Curso 08-09	Propios do Centro	
5. Participación do estudiantado nos programas de mobilidade	5.1. Incentivar a mobilidade dos estudantes	5.1.1. Organización de charlas informativas sobre programas de mobilidade	<ul style="list-style-type: none"> • Decanato • Vicerreitoría correspondente 	Número de alumnos de mobilidade	Incremento 5% anual	Cada curso	Propios do Centro	

CADRO DE MANDO

EIXO ESTRATÉXICO 2: APOIO AO ESTUDANTADO

Obxectivos estratéxicos	Obxectivos operativos	Accións	Responsables	Indicadores	Estándar obxectivo	Calendario	Recursos	Grao de cumprimento
1. Mellora da atención ao estudiantado de novo ingreso	1.1. Posta en marcha do PATT	1.1.1. Asignación de profesorado titor a cada estudante de novo ingreso para o seu seguimento personalizado	Responsables da coordinación do PATT da facultade	<ul style="list-style-type: none"> • Documento correspondente • Número de profesorado e estudiantado implicado no PATT 	100% de estudiantado de novo ingreso de 1º curso con titor asignado	Implantación en curso 2007-2008	<ul style="list-style-type: none"> • Ordinarios do centro • Créditos extraordinarios 	
		1.1.2. Manter a realización da xornada de acollida	<ul style="list-style-type: none"> • Decanato • Responsables da coordinación do PATT da facultade 	Número de participantes na xornada de acollida	Realización da xornada	Mes de setembro de cada ano	<ul style="list-style-type: none"> • Ordinarios do centro • Créditos extraordinarios 	
		1.1.3. Elaboración do PATT	<ul style="list-style-type: none"> • Responsables da coordinación do PATT da facultade • Profesorado titor • CUFIE (Centro universitario de formación e innovación educativa) 	Documento correspondente	Elaboración	Cada ano académico a partir de 07-08	<ul style="list-style-type: none"> • Ordinarios do centro • Créditos extraordinarios 	
		1.1.4. Avaliación do PATT	<ul style="list-style-type: none"> • Responsables da coordinación do PATT da facultade • Profesorado e alumnado participantes no PATT • CUFIE 	Documento correspondente	Avaliación positiva	Cada ano académico a partir de 07-08	<ul style="list-style-type: none"> • Ordinarios do centro • Créditos extraordinarios 	
	1.2. Nivelación do estudiantado de novo ingreso	1.2.1. Posta en marcha dunha experiencia piloto de cursos de nivelación	<ul style="list-style-type: none"> • Decanato • Profesorado do Centro • Vicerreitoría correspondente 	<ul style="list-style-type: none"> • Implantación do(s) curso(s) • Número de participantes (profesorado e alumnado) 	Implantación de cando menos 1 curso	Inicio curso 08-09	<ul style="list-style-type: none"> • Ordinarios do centro • Créditos extraordinarios 	

CADRO DE MANDO**EIXO ESTRATÉXICO 2: APOIO AO ESTUDANTADO**

Obxectivos estratéxicos	Obxectivos operativos	Accións	Responsables	Indicadores	Estándar obxectivo	Calendario	Recursos	Grao de cumprimento
2. Mellora da atención ao estudantado da facultade	2.1. Extensión do PATT	2.1.1. Aplicación progresiva do PATT ao alumnado de todos os cursos	<ul style="list-style-type: none">• Responsables da coordinación do PATT da facultade• Profesorado e alumnado participantes no PATT• CUFIE	Número de profesorado e estudantado implicado no PATT	Extensión a un curso por ano académico	Implantación progresiva desde 08-09	<ul style="list-style-type: none">• Ordinarios do centro• Créditos extraordinarios	

CADRO DE MANDO

EIXO ESTRATÉXICO 3: INFRAESTRUTURAS E RECURSOS HUMANOS

Obxectivos estratéxicos	Obxectivos operativos	Accións	Responsables	Indicadores	Estándar obxectivo	Calendario	Recursos	Grao de cumprimento
1. Ampliación das infraestruturas e equipamentos da facultade	1.1. Ampliación e mellora dos espazos de docencia para a adaptación ao EEES	1.1.1. Instalación dunha 2ª aula informatizada de docencia e laboratorio informatizado de idiomas	<ul style="list-style-type: none"> • Vicedecanato e Comisión de Infraestrutura e de Servizos. • Servizos centrais correspondentes 	Instalación da aula-laboratorio	Instalación	Curso 2007-2008	<ul style="list-style-type: none"> • Ordinarios do centro • Créditos extraordinarios 	
2. Mellora e optimización das infraestruturas e equipamentos da facultade	2.1. Renovación do mobiliario dos espazos de docencia para a adaptación ao EEES	2.1.1. Renovación do mobiliario de aulas	<ul style="list-style-type: none"> • Vicedecanato e Comisión de Infraestrutura e de Servizos. • Servizos centrais correspondentes 	Número de aulas afectadas	Unha cada ano	Comezo curso 2007-2008	<ul style="list-style-type: none"> • Ordinarios do centro • Créditos extraordinarios 	
	2.2. Mellora do equipamento informático e multimedia dos espazos de docencia e estudo	2.2.1. Instalación e renovación de equipamento multimedia de varias aulas	<ul style="list-style-type: none"> • Vicedecanato e Comisión de Infraestrutura e de Servizos. • Servizos centrais correspondentes 	Número e características do equipamento instalado	2 aulas por ano	Comezo curso 2007-2008	<ul style="list-style-type: none"> • Ordinarios do centro • Créditos extraordinarios 	
		2.2.2. Renovación de parte do equipamento informático da biblioteca	<ul style="list-style-type: none"> • Vicedecanato e Comisión de Infraestrutura e de Servizos. • Servizos centrais correspondentes 	Número e características do equipamento renovado	15% anual	Comezo curso 2007-2008	<ul style="list-style-type: none"> • Ordinarios do centro • Créditos extraordinarios 	
		2.2.3. Revisión e mellora da cobertura WIFI na facultade	<ul style="list-style-type: none"> • Vicedecanato e Comisión de Infraestrutura e de Servizos. • Vicerreitoría correspondente 	Estado da cobertura wifi	100% de cobertura	Curso 2007-2008	<ul style="list-style-type: none"> • Ordinarios do centro • Créditos extraordinarios 	

CADRO DE MANDO

EIXO ESTRATÉXICO 3: INFRAESTRUTURAS E RECURSOS HUMANOS

Obxectivos estratéxicos	Obxectivos operativos	Accións	Responsables	Indicadores	Estándar obxectivo	Calendario	Recursos	Grao de cumprimento
	2.3. Elaboración dun catálogo de recursos dispoñibles para a docencia e a aprendizaxe	2.3.1. Elaboración do catálogo	• Vicedecanato e Comisión de Infraestrutura e de Servizos. • Conserxaría	Existencia do documento	Elaboración do documento	Comezo curso 07-08	Ordinarios do centro	
		2.3.2. Actualización do catálogo	• Vicedecanato e Comisión de Infraestrutura e de Servizos. • Conserxaría	Existencia do documento	Actualización permanente do catálogo	Desde a elaboración do catálogo	Ordinarios do centro	
3. Mellora dos mecanismos de difusión da información	3.1. Renovación da páxina web da facultade	3.1.1. Reorganización e ampliación dos contidos da páxina web da facultade	Decanato	Estado e contidos da páxina web	Cumprimento	Inicio curso 2007-2008	• Ordinarios do centro • Créditos extraordinarios	

CADRO DE MANDO

EIXO ESTRATÉXICO 4: RELACIÓNS COA SOCIEDADE

Obxectivos estratéxicos	Obxectivos operativos	Accións	Responsables	Indicadores	Estándar obxectivo	Calendario	Recursos	Grao de cumprimento
1. Fomento das prácticas en empresas e institucións	1.1. Aumentar o número de prazas de prácticas	1.1.1. Promoción da facultade ante as asociacións e confederacións de empresarios, institucións...	<ul style="list-style-type: none"> • Decanato • Comisión de Estratexia • Vicerreitoría correspondente 	<ul style="list-style-type: none"> • Número de convenios asinados a instancias da Facultade • Número de prazas de prácticas 	Incremento dun 10% anual	Cada curso	Propios do Centro	
	1.2. Aumentar a participación dos estudantes en prácticas	1.2.1. Charlas informativas	<ul style="list-style-type: none"> • Decanato • Vicerreitoría correspondente 	Número de estudantes en prácticas	Incremento dun 10% anual	Cada curso	Propios do Centro	
		1.2.2. Mellora das condicións das prácticas	Decanato	Existencia de remuneración ou axudas de desprazamento	Conseguir axudas de desprazamento para prácticas noutros concellos	Comezo curso 08-09	<ul style="list-style-type: none"> • Propios do Centro • Externos 	
2. Relación cos egresados	2.1. Actualizar e completar os datos de contacto dos titulados	2.1.1. Creación dunha base de datos dos titulados	<ul style="list-style-type: none"> • Decanato • Vicerreitoría correspondente 	Existencia da base de datos	Existencia da base de datos actualizada	Anual, inicio curso 07-08	<ul style="list-style-type: none"> • Ordinarios do centro • Créditos extraordinarios 	
	2.2. Obtención de datos sobre o nivel de inserción laboral dos titulados	2.2.1. Elaboración e realización de enquisas aos recién titulados	<ul style="list-style-type: none"> • Observatorio Ocupacional UDC • Decanato 	Número de enquisas realizadas e resultados	Información sobre cando menos o 25% dos egresados do curso anterior	Cada ano académico	<ul style="list-style-type: none"> • Propios do Centro • Dos correspondentes servizos da Universidade 	

CADRO DE MANDO

EIXO ESTRATÉXICO 4: RELACIÓNS COA SOCIEDADE

Obxectivos estratéxicos	Obxectivos operativos	Accións	Responsables	Indicadores	Estándar obxectivo	Calendario	Recursos	Grao de cumprimento
3. Captación de alumnado	3.1. Reforzo das actividades de promoción da facultade entre o alumnado potencial	3.1.1. Continuar coa celebración das xornadas de portas abertas	<ul style="list-style-type: none"> • Decanato • Vicerreitoría correspondente • SAPE (Servizo de asistencia e promoción do estudante) 	Número de centros e estudantes participantes na xornada de portas abertas	Manter cifras do curso 06-07	Mes de abril de cada curso	<ul style="list-style-type: none"> • Ordinarios do centro • Créditos extraordinarios 	
		3.1.2. Continuar e reforzar as visitas e os contactos con centros de ensino secundario	Decanato	<ul style="list-style-type: none"> • Número de profesorado da facultade implicado • Número de centros visitados 	Incremento dun 10% anual	Cada ano académico	<ul style="list-style-type: none"> • Ordinarios do centro • Créditos extraordinarios 	

Anexos:

7.1. Copia da convocatoria da reunión.

7.2. Resumo da acta da sesión da Comisión de Estratexia e Calidade.

As coordinadoras do equipo de traballo:

Teresa López

Mercedes Regueiro Diehl

FACULTADE DE FILOLOXÍA
PLANO ESTRATÉXICO 2007-2010

DOCUMENTO 8
APROBACIÓN POLA XUNTA DE FACULTADE



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**CERTIFICACIÓN DE ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN
EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE FACULTADE DE FILOLOXÍA
CELEBRADA O DÍA 28 DE NOVEMBRO DE 2007**

D. Luis González García, Secretario da Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña,

CERTIFICA

Que o xoves 28 de novembro se reuniu a Xunta de Facultade de Filoloxía, validamente constituída en segunda convocatoria, para tratar como punto primeiro da orde do día o seguinte:

1.- Aprobación, se proceder, do plano estratéxico da facultade.

A proposta do plano estratéxico da Facultade foi aprobada por asentimento dos membros presentes.

A petición da Persoa Responsable de Calidade e Estratexia da Facultade, asino a presente certificación facendo constar que a acta correspondente a esta sesión aínda non foi aprobada.

A Coruña, 28 de novembro de 2007

Vº e prace, a decana

Asdo. Mª Teresa López Fernández






UNIVERSIDADE DA CORUÑA

FACULTADE DE
FILOLOXÍA

Campus da Zapateira, s/n.
15071 A Coruña
Telf. 981 16 70 00
Fax 981 16 71 51



Por orde da Decana da Facultade, convócase a vostede á Xunta de Facultade de carácter **extraordinario** que se celebrará no Salón de Graos o próximo día 28 de novembro ás 12:30 horas en primeira convocatoria e as 13:00 en segunda convocatoria coa seguinte

ORDE DO DIA

- 1.- Aprobación, se proceder, do plano estratéxico da facultade.
- 2.- Aprobación, se proceder, das propostas de premio extraordinaria fin de carreira.



A Coruña, 23 de novembro de 2007



O secretario da facultade

Luis González García

SRES. E SRAS. MEMBROS DA XUNTA DE FACULTADE

De: Secretaría Decanato <admifil@udc.es>
Asunto: **Fw: convocatoria Xunta de Facultade**
Fecha: 26 de noviembre de 2007 10:38:15 GMT+01:00
Para: "Regueiro Diehl, Mercedes" <diehl@udc.es>
 1 archivo adjunto, 151 KB 

Subject: Fw: convocatoria Xunta de Facultade

Por orde da Decana da Facultade, convócase a vostede á Xunta de Facultade de carácter **extraordinario** que se celebrará no Salón de Graos o próximo día 28 de novembro ás 12:30 horas en primeira convocatoria e as 13:00 en segunda convocatoria coa seguinte

ORDE DO DIA

- 1.- Aprobación, se proceder, do plano estratéxico da facultade (achégase en formato pdf.)
- 2.- Aprobación, se proceder, das propostas de premio extraordinaria fin de carreira.

A Coruña, 23 de novembro de 2007
O secretario da facultade

Asdo.: Luis González García

SRES. E SRAS. MEMBROS DA XUNTA DE FACULTADE



[proposta pla....pdf \(151 KB\)](#)

De: Secretaría Decanato <admifil@udc.es>

Asunto: Fw: Xunta de Facultade

Fecha: 26 de noviembre de 2007 10:38:36 GMT+01:00

Para: "Regueiro Diehl, Mercedes" <diehl@udc.es>

Subject: Xunta de Facultade

A Xunta de Facultade prevista para o próximo mércores día 28 celebrarase na Aula 2.4 en lugar do Salón de Graos que está ocupado por outra actividade prioritaria.

O secretario
Luis González